

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 4133/2020

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 171, de 28 de xullo de 2020, publica a convocatoria do proceso selectivo para constituír as listas de emprego temporal de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan nos departamentos de Grupo Municipal de Emerxencias, xardíns ou obras do Concello de Viveiro, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal. Expte.: 4133/2020.

Vistas as bases e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para constituír as listas de emprego temporal de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan nos departamentos de Grupo Municipal de Emerxencias, xardíns ou obras do Concello de Viveiro, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal.

Tendo en conta a resolución de data 10 de agosto de 2020 na que se nomea aos membros do Tribunal, que consta no expediente.

Tendo en conta a Resolución de Alcaldía de data 01 de setembro de 2020, na que sinala "(...) **SEGUNDO.-** Dictar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos.

A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de Galego
1	FERREIRO NOVO JESUS MANUEL	EXENTO
2	GALLEGO BOUZA PEDRO	EXENTO
3	YAÑEZ MARTÍNEZ NAZARET	EXENTO
4	RODRIGUEZ PIÑON JULIO CESAR	EXENTO
5	PENABAD FERNANDEZ LUIS	NON EXENTO
6	PRIETO RAMUDO PABLO	EXENTO

B) EXCLUÍDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de Galego	Motivo de exclusión
1	EXÓSITO CAO JORGE	NON EXENTO	Non acredita, xunto coa documentación presentada, estar en posesión da Titulación esixida (Base Xeral pto. 5 b e base específica pto 2.A: "(...)GRADUADO EN ESO OU EQUIVALENTE...")
2	FERRO CERDEIRAS MIGUEL ANGEL	EXENTO	Non acredita, xunto coa documentación presentada, estar en posesión do permiso de conducir esixida (Base Xeral pto. 5 c):

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

			"(...)Copia do carné de conducir que habilite para conducir camiões sen límite de peso e remolques de mais de 750Kg, segundo a normativa vixente..."
--	--	--	---

CUARTO.- CITAR AO ASPIRANTE RELACIONADO A CONTINUACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA PROBA DE GALEGO (BASE XERAL 2.g)), POR NON TER ACREDITADO O NIVEL DE GALEGO ESIXIDO, NO **CONCELLO DE VIVEIRO** O VENRES **04 DE SETEMBRO DE 2020 ÁS NOVE HORAS E 30 MINUTOS.**

APELIDOS E NOME
PENABAD FERNÁNDEZ LUIS

Esta proba de Galego é obrigatoria e eliminatória e cualificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídos do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a cualificación de non apto (Base Xeral 9)..."

Vistas as Bases Xerais no seu punto 9, nas que sinala **"(...)PROBA DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.-**

Con anterioridade á realización da fase de concurso procederase ao desenvolvemento das probas de coñecemento de lingua galega aos aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases."

Tendo en conta que o aspirante D. Luis Penabad Fernández foi cualificado como apto na proba de galego.

Vistas as Bases Xerais no seu punto 10, nas que sinala **"(...)O SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.**

Os/as aspirantes que na proba do coñecemento da lingua galega foran cualificados como aptos, serán convocados para o exercicio en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provisto/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais. De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluído do proceso selectivo. Comezados os exercicios, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan. Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para os exercicios en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador.

Co fin de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o tribunal deberá cualificar os exercicios dos aspirantes de acordo cos criterios de corrección e os baremos de puntuación establecidos nesta convocatoria.

O Tribunal determinará a data, lugar e hora da realización desta proba, que deberá publicarse no taboleiro de anuncios, páxina web municipal e taboleiro de anuncios dixital. Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 horas.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

10.1.- FASE DE OPOSICIÓN.- Puntuación máxima 60 puntos

Os/as aspirantes serán convocados para o exercicio en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal. Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais. De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluídos do proceso selectivo. Comezado o exercicio, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan. Durante o tempo fixado para a realización do exercicio, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para o exercicio en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador. Co fin de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o tribunal deberá cualificar o exercicio dos/das aspirantes de acordo cos criterios de corrección e os baremos de puntuación establecidos nesta convocatoria.

A fase de oposición consistirá nun exercicio tipo test de 30 preguntas, máis 5 de reserva, con tres solucións alternativas, para realizar en 45 minutos a razón de 2 puntos por cada pregunta contestada correctamente, descontando 0,5 puntos por pregunta contestada incorrectamente

Esta fase ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Nela determinarase a idoneidade dos candidatos ao posto de traballo, resultando eliminados os candidatos que non alcancen 30 puntos.

As preguntas versaran sobre os temas relacionados no **Anexo II- TEMARIO...**

RESOLVO

PRIMEIRO.- Citar aos aspirantes seguintes:

FERREIRO NOVO JESUS MANUEL
GALLEGO BOUZA PEDRO
YAÑEZ MARTÍNEZ NAZARET
RODRIGUEZ PIÑON JULIO CESAR
PENABAD FERNANDEZ LUIS
PRIETO RAMUDO PABLO

para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o **Mércores día 09 de setembro de 2020, ás 10:00 horas**, aos efectos de realizar a fase de oposición do proceso selectivo, segundo establece o punto 10 das bases xerais.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios, páxina web municipal e taboleiro de anuncios dixital para o seu coñecemento.

a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





Concello de Viveiro

A Alcaldesa,

María Loureiro García

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

